



- POSTO DE CONSERXES DA BIBLIOTECA E CASA DE CULTURA MOGOR: retribucións correspondentes á categoría de Conserxe do Convenio Colectivo de Oficinas e Despachos, equiparándose mediante o concepto gratificación as retribucións do posto de Conserxe do servizo de Mercados (014.001).

Por todo elo a unidade orgánica 018 da RPT do Concello de Marín pasará a ter a seguinte estrutura:

**018 CULTURA**

Código	denominación do posto	dotación	vínculo	nivel CD	Compl.	Especif.	TP	F.P	A.D	RP	CP
001	Bibliotecario	1	lab.fixo	a	xornada completa.	Retribucións equiparadas as de Técnico de Administración Xeral Adx. Secretaría (003.002) composta por as retribucións previstas no convenio de oficiñas e despachos + gratificación.					
002	Garda Museo	1	Func	17	3.899,63 € *		N	OP	AE	C2	GU
003	Conserxe Biblioteca	2	Lab.fixo	a	xornada completa.	Retribucións equiparadas as de Conserxe do Servizo de Mercados de Mercado (014.001) composta por as retribucións previstas no convenio de oficiñas e despachos + gratificación.					
004	Conserxe Casa Cultura Mogor	1	Lab.fixo	a	xornada completa.	Retribucións equiparadas as de Conserxe do Servizo de Mercados (014.001) composta por as retribucións previstas no convenio oficiñas e despachos + gratificación.					

\*o complemento específico do posto de Garda de Museo refírese as contías para o exercicio 2008, sen perxuízo dos incrementos e diminucións establecidas polas sucesivas Leis de Presupostos Xerais do Estado e no RD Lei 8/2010. Para o ano 2012 a contía do citado complemento específico, referido a 12 meses, é de 3.406,32 euros.

*DESCRIPCION ABREVIATURAS*

		CN	Corpos nacionais
		TS	Técnicos superiores
		AD	Administrativos
		AU	Auxiliares
		SU	Subalternos
T.P. Tipo de Posto	AD - Administración	AG	Axente Cobrador
S - Singularizado	HN- Habilitados nacionais	GU	Gardas
N - Non singularizado	AG-Administración Xeral	SG	Sarxento
	AE-Administración Especial	CA	Cabo
F.P. - Forma de Provisión		OP	Operarios
C - Concurso	GRP-Grupo de titulación	TM	Técnicos Medios
OP - Oposición		TA	Técnicos Auxiliares
CM - Concurso de Méritos	CP-Categoría Profesional	CO	Conserxes
		CP	Capataz
		OF	Oficiais
		MA	Mestres
		AY	Axudantes

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo diante da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó desta publicación.

Marín, 20 de decembro de 2012.—A Alcaldesa de Marín, María Ramallo Vázquez.

**2012012073**

## A N U N C I O

Aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 15 de outubro de 2012 a Modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico do Concello de Marín, publícase no boletín oficial da provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da lei reguladora de bases de réxime local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985 de 2 de abril.

**TITULO I.—OBXETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN***ARTIGO 1º.*

De conformidade co previsto no artigo 25.2b) da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 7 e 38.4 e demais disposicións contidas no R.D. Lexislativo 339/90, do 2 de marzo (modificado pola Lei 5/1997), polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ós concellos, na súa condición de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da citada Lei 7/85, establécese a presente ordenanza que ten por obxecto regula-lo uso das vías urbanas dentro do Concello de Marín, así como a circulación polas mesmas.

*ARTIGO 2º.*

Nas materias non reguladas expresamente pola presente ordenanza, no seu articulado e anexos, aplicarase a Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, o Regulamento do Procedemento sancionador en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

Do mesmo xeito, para os conceptos empregados na ordenanza, está a definición recollida na normativa citada no apartado anterior.

**TITULO II.—COMPETENCIAS***ARTIGO 3º.*

Corresponde ó Concello de Marín as seguintes competencias:

- a) A ordenación e control do tráfico nas vías urbanas de titularidade municipal, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios; a denuncia das infraccións que se cometan nas mesmas e a sanción destas cando non se atope expresamente atribuída a outra administración.
- b) A regulación dos usos das vías urbanas facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre tódolos usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co gallo de garanti-la rotación dos aparcamentos.
- c) A inmovilización dos vehículos nas vías urbanas cando non se atopen provistos de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas no tempo ou excedan da autorización concedida ata que se logre a identificación do seu conductor.
- d) A retirada dos vehículos das vías urbanas e o posterior depósito daqueles, cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para ésta ou se atopen incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido, nas condicións previstas para a inmovilización no parágrafo anterior.  
Igualmente, a retirada de vehículos nas vías interurbanas e o posterior depósito destes, nos casos e condicións que regulamentariamente se determinen.
- e) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra e exclusivamente polo casco urbano, exceptuadas as travesías.
- f) A autorización de calquera evento que afecte ó desenvolvemento do tráfico dentro do casco urbano. Se afectase á N-558, C-550 ou Po-313 nas súas travesías polo casco urbano, darase conta á Xefatura Provincial de Tráfico cun prazo mínimo de 48 horas de antelación.
- g) A realización das probas regulamentariamente establecidas para determina-lo grado de impregnación alcohólica ou por sustancias estupefacientes, psicotrópicas ou estimulantes, dos conductores que circulen polas vías públicas nas que teñan atribuída a vixilancia e o control da seguridade da circulación vial.
- h) O peche das vías urbanas cando sexa preciso.
- i) A regulación do transporte escolar e dos vehículos de servizo de autotaxi.



- j) A regulación da carga e descarga.
- k) A regulación dos transportes pesados e perigosos.

**ARTIGO 4º.**

Corresponde á Policía Local, de conformidade co artigo 53 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade e normativa complementaria:

- a) Ordenar, sinalizar e dirixi-lo tráfico no casco urbano.
- b) Instruir atestados por accidentes de circulación dentro do casco urbano.
- c) Formula-las denuncias polas infraccións que se cometan nesta materia.

**ARTIGO 5º.**

Corresponde á Alcaldía, clasifica-las vías e fixar o sentido e dirección da circulación atendendo á capacidade das vías, á intensidade do tráfico, á máis correcta ordenación do mesmo, á distribución dos aparcamentos ou á conveniencia de reservar zonas para uso exclusivo de determinados usuarios.

**ARTIGO 6º.**

Os efectos de determina-lo casco urbano, ámbito da actuación da Policía Local en materia de tráfico, e de conformidade co artigo 53 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade e co artigo 7 da Lei de Seguridade Vial, establécese o mesmo coformado polas vías de titularidade municipal e travesías comprendidas no perímetro fixado polos límites seguintes:

- Avda. de Jaime Janer (PO-313): Dende Concepción Arenal ata río Lameira.
- Estrada Figueirido: Dende Jaime Janer ata Igrexario San Xulián.
- Avda. de Orense (N-558): Na súa totalidade.
- Avda. de Concepción Arenal (C-550): Na súa totalidade.
- Rúa de Ejército y Marina (C-550): Na súa totalidade.
- Rúa Tiro Naval Janer (C-500, dirección Bueu), ata o camiño Cividanes.
- Avda. Aviador Calviño (C-550, parroquia de Mogor): Dende camiño Cividanes ata Matadeiro municipal.
- Rúa Dr. Otero Ulloa (C-550, parroquia de Seixo): dende capela San Blas ata o alto de Moledo (intersección ramal a Igrexario e Teoira).

**TITULO III. – COMPORTAMENTO NA CIRCULACIÓN****CAPITULO I. – CIRCULACIÓN DE PEÓNS****ARTIGO 7º.**

- A) Os peóns transitarán polas beirarrúas e andéns a eles destinados, gardando perfectamente a súa dereita. Excepcionalmente poderán circular polas beiravías, nos supostos que se indican a continuación e sempre que adoiten as debidas precaucións e non perturbe gravemente a circulación:
  - 1. Cando leven obxectos voluminosos que poidan constituir un estorbo de importancia para os demais peóns.
  - 2. Os grupos de peóns que formen un cortexo ou procesión autorizada.
  - 3. Os impedidos que se despracen nunha “silla de rodas”.
  - 4. Cando non existan zonas para a circulación de peóns, poderán circular pola calzada polo lugar máis alonxado do seu centro.

5. Os peóns que precisen cruza-la calzada, farano coa máxima dilixencia, sen deterse nin entorpecer ós demais usuarios, nin perturba-la circulación.
- B) Os peóns, en todo caso, cumprirán coas prescricións seguintes:
1. Nos pasos regulados por semáforos deberán obedecer-las indicacións das luces, non penetrando na calzada ata que o sinal dirixido a eles llo autorice.
  2. Nos pasos regulados por axente deberán, en todo caso, obedecer-las indicacións que sobre o particular efectúen éstos.
  3. Nos restantes pasos, non deberán penetrar na calzada ata cerciorarse de que poderán cruzala sen perigo.
  4. Cando non exista paso para peóns sinalizado nun radio de 50 metros, o cruce farase preferentemente polas esquinas e en dirección perpendicular ó eixo da vía gardando, en todo caso, as debidas precaucións.
  5. Quedan prohibidos na vía pública o uso de patíns e monopatíns e o xogo de pelota e outros de similares características, agás naqueles lugares expresamente autorizados pola Autoridade Municipal.
- C) No casco urbano, e cando afecten ás travesías da N-558, C-550 e PO-313, non se permitirá o tránsito dos cortexos fúnebres a pé, salvo autorización expresa da Alcaldía.

**ARTIGO 8º.**

Poderase establecer para zonas determinadas, a prohibición total ou parcial da circulación e estacionamento de vehículos, co fin de reserva-las mesmas ó tránsito e uso das persoas, especificando o seu perímetro, carácter temporal, fixo ou periódico da mesma, así como os usos permitidos do tráfico rodado.

**CAPITULO II. – OBSTACULIZACIÓN DA VÍA PÚBLICA****ARTIGO 9º.**

- A) Prohíbese o depósito, abandono ou colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxeto que poida dificultar-la libre circulación de peóns ou vehículos, causar-lles risco ou deteriorar-la vía ou as súas instalacións. Se é imprescindible a instalación dalgún obxecto na vía pública, precisarase autorización municipal previa, na que se determinarán as condicións que deben cumprirse.
- B) Exclúense do disposto no parágrafo anterior os casos de perda de carga ou accidente, nos que se adoitaran polo causante ou por quen tivese coñecemento do feito, as medidas necesarias para advertir ós demais usuarios, da existencia dun perigo ou obstáculo, facéndoo desaparecer o antes posible.

**ARTIGO 10º.**

- A) Todo obstáculo autorizado que dificulte a libre circulación de peóns ou vehículos, deberá estar debidamente protexido, sinalizado e, en horas nocturnas, iluminado para garantir-la seguridade dos usuarios.
- B) Todo transporte especial que sobrepase as medidas e os pesos xerais establecidos para os vehículos, sen prexuízo de posuí-la autorización do órgano competente, deberán notificar, cunha antelación mínima de 48 horas á Policía Local, o seu paso co obxeto de determinarlle os lugares e horas de paso polo casco urbano.

**ARTIGO 11º.**

Pola Policía Local poderase proceder á retirada de obstáculos, previa comunicación ó interesado e cos gastos a cargo do mesmo, cando éste non adoite as medidas necesarias e nos seguintes casos:

1. Se non houberse obtido a correspondente autorización.
2. Se se extinguisen as circunstancias que motivaron a colocación do obstáculo ou obxeto.
3. Se se sobrepasase o prazo da autorización correspondente ou non se cumprisen as condicións fixadas pola mesma.
4. No caso de que o obstáculo crease unha molestia, atranco ou perigo graves.

En calquera caso, os Axentes da Policía Local que realicen as actuacións descritas neste artigo, virán obrigados a dar cumprido informe das mesmas á Alcaldía, a través da Xefatura do Corpo.

### CAPITULO III.—PARADAS E ESTACIONAMENTOS

#### ARTIGO 12º.

En relación ás paradas e estacionamentos de vehículos, toda persoa deberá cumprir, inexcusablemente, as seguintes normas:

1. Como regra xeral nas paradas, o conductor non poderá abandonar o vehículo, e se excepcionalmente o fixese, deberá deixalo o bastante cerca para retiralo no mesmo momento en que sexa requerido ou as circunstancias o esixan.
2. En calquera caso, a parada deberá facerse paralelamente ó borde da calzada, situando o vehículo o máis próximo posible á beirarrúa ou ó borde dereito da calzada segundo o sentido da marcha, aínda que nas vías dun só sentido de circulación tamén se poderá facer na esquerda se iso non impide o paso doutros vehículos. Os pasaxeiros deberán baixar polo lado correspondente á beirarrúa, e o conductor, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure de que pode facelo sen ningún tipo de perigo.
3. En tódalas zonas e vías públicas a parada farase nos puntos onde menos inconvinientes se produzan á circulación, e nas rúas con chafrán, xustamente no mesmo, sen sobresaír da aliñación das beirarrúas, e sempre que non reste visibilidade ó cruce. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros estén enfermos ou impedidos e non exista outro lugar onde efectuar a parada, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camiións de servizo de limpeza ou recollida de lixo, sempre que as circunstancias do tráfico o permitan, sen que en ningún caso poida constituir grave obstaculización á circulación.
4. Nas rúas urbanizadas sen beirarrúas, deixarase unha distancia mínima dun metro (1 metro) dende a fachada ou peche máis próximo ó costado do vehículo, sempre que o ancho da calzada permita a parada sen obstáculo á circulación.

#### ARTIGO 13º.

O estacionamento de vehículos rexirase polas seguintes normas:

1. Os vehículos poderanse estacionar en fila (paralelamente á beirarrúa); en batería (perpendicularmente a aquela); en semibatería (oblicuamente). En calquera dos casos, sempre dacordo coas marcas viais que existan.
2. A norma xeral é que o estacionamento farase en fila. A excepción a esta norma deberase sinalizar expresamente.
3. Nos estacionamentos con sinalización no pavimentos, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.
4. Os vehículos, ó estacionar, colocaranse tan perto da beirarrúa como sexa posible, aínda que deixando un pequeno espazo, non inferior a 10 cm. nin superior a 30 cm., que permita a limpeza desa parte da calzada.
5. En todo caso, os conductores deberán estacionar o seu vehículo de xeito que nin poida porse en marcha espontaneamente nin o poidan mover outras persoas. A tal obxecto deberán tomar as precaucións que sexan precisas. Os conductores serán os responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo, agás que o desprazamento pola acción de terceiros se teña producido con violencia manifesta.

6. Nos supostos de estacionamentos habilitados por circunstancias excepcionais, os conductores dos vehículos virán obrigados a confirma-lo cesamento destas para restaura-la normalidade.
7. Non se poderán estacionar nas vías públicas os remolques separados dos vehículos tractores que estén autorizados para desprazalos.

*ARTIGO 14º.*

Queda absolutamente prohibido o estacionamento nos casos e supostos seguintes:

1. Onde esté prohibida a parada.
2. Nas zonas sinalizadas para uso exclusivo de minusválidos.
3. Nas zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías.
4. Sobre as beirarrúas, plataformas, refuxidos, paseos centrais ou laterais, pasos de peóns e de ciclistas, e zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se é parcial como total a ocupación, sempre que éstas non sexan precisamente para sinaliza-lo estacionamento autorizado.
5. Nos vados, sinalizados correctamente conforme á normativa municipal, sexa a súa ocupación total ou parcial.
6. En dobre fila, tanto se a primeira está ocupada por un vehículo, como por un contenedor ou algún outro elemento de protección ou obstáculo.
7. A unha distancia inferior a cinco metros (5 m.) dunha esquina ou cando se molestase a manobra de xiro a calquera tipo de vehículo.
8. Sobresaíndo do vértice dunha esquina, obrigando ós outros conductores a facer maniobras antirreglamentarias ou dificultando os xiros.
9. En condicións en que se moleste a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.
10. En plena calzada, entendido isto sempre que o vehículo non esté xunto á beirarrúa.
11. Naquelas rúas onde a calzada só permita o paso dunha columna de vehículos.
12. Nas rúas de dobre sentido de circulación nas que o ancho da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
13. Nos lugares en que a distancia entre o vehículo e o borde oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre a mesma que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros (3 m.) ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.
14. Fóra dos límites sinalizados nos perímetros de estacionamento sinalizados.
15. Nos lugares onde o prohíban os sinais correspondentes.
16. Nun mesmo lugar por máis de oito días consecutivos e de xeito ininterrompido.
17. Nas zonas que, eventualmente, vaian ser ocupadas para actividades autorizadas, ou as que deban ser obxecto de reparación, sinalización ou limpeza.  
Nestes supostos darase publicidade á prohibición polos medios de difusión oportunos, ou mediante a colocación de avisos nos vehículos estacionados e nas inmediacións e, en todo caso, colocando os correspondentes sinais. Esta publicidade prevía farase alomenos, con 24 horas de antelación, agás nos casos de xustificada urxencia.
18. Nas zonas peonís, xardíns e outras similares sustraídas ó uso de vehículos.

*ARTIGO 15º.*

O estacionamento de vehículos de dúas rodas farase do xeito seguinte:

- a) Sempre que existan estacionamentos especiais, utilizaranse, estacionando en semibatería ou batería.
- b) O estacionamento na calzada farase en batería ou semibatería ocupando un ancho máximo de metro e medio, respetando os lugares e normas de estacionamento como os demais vehículos.

- c) Cando se estacione unha motocicleta ou ciclomotor entroutros vehículos, farase de xeito que non impida o acceso a estes ou a súa posta en circulación.
- d) Queda prohibido o estacionamento destes vehículos nos lugares e zonas excluídas ou non autorizadas ó tráfico.
- e) Queda prohibido o estacionamento de xeito que estes vehículos queden encadeados, enganchados ou atados entre sí ou a calquera outro elemento non destinado a tal fin, ou causen molestias ós demais usuarios da vía.

#### **TITULO IV.—SINALIZACIÓN**

##### **CAPÍTULO I – NORMAS XERAIS DE SINALIZACIÓN**

###### *ARTIGO 16º.—*

- 1) Non se poderá colocar nin retirar ningún sinal sen a previa autorización da Alcaldía.
- 2) Só se poderán autoriza-los sinais informativos que, a criterio da Autoridade Municipal, teñan un auténtico interese público.
- 3) Non se permitirá a colocación de publicidade sobre os sinais ou xunto a eles, agás que expresamente así o autorice a Alcaldía. Con carácter xeral prohíbese o emprego de aparellos sonoros con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción. Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou de especial significación cidadán. Queda así mesmo prohibida a publicidade estática nas beirarrúas e inmedidacións da calzada así como en sinais, árbores, farolas, mobiliario urbano en xeral e elementos afectos ó tránsito, sin autorización municipal previa.
- 4) Prohíbese a colocación de toldos, carteis, anuncios e, en xeral, instalacións que dificulten, impidan ou limiten ós usuarios a normal visibilidade dos sinais de tráfico ou poidan distraer a súa atención.
- 5) Prohíbese deteriorar, trasladar, ocultar ou modificar, de calquera xeito, os sinais de circulación.

###### *ARTIGO 17º.*

Cando se comprobe a existencia de sinais de tráfico ou publicitarias sen autorizar polo Concello, requirirase ó particular ou empresa interesados para que proceda a súa retirada no prazo que o mesmo Concello estime convinte, e de non cumprir co devandito requeremento, o Concello procederá á súa retirada, cos gastos a cargo do interesado e sen prexuízo das sancións que se lle poidan impoñer.

###### *ARTIGO 18º.*

- 1) As reservas de estacionamento na vía pública deberán contar coa aprobación da Alcaldía.
- 2) Estas zonas de reserva de estacionamento na vía pública, así como as zonas de estacionamento libre e público, non poderán ser explotadas con ánimo de lucro por persoas sen autorización expresa da Alcaldía ou da Comisión de Goberno.

###### *ARTIGO 19º.*

As reservas de carácter particular serán solicitadas polas persoas físicas ou xurídicas, ou entidades que pretendan o aproveitamento particular do dominio público e estarán suxeitas á taxa establecida pola ordenanza fiscal correspondente. Na solicitude farase consta-lo uso que se pretenda, e se ésta fose para determinados vehículos, as matrículas destes e os datos dos titulares, a duración e o carácter temporal, situación e medidas.

*ARTIGO 20º.*

As reservas de estacionamento poden ser:

1. Para paradas de transporte público de viaxeiros.
2. Para carga e descarga, de carácter particular e temporal.
3. Para carga e descarga, de carácter xeral.
4. Para estacionamento de servicios ou entidades públicas.
5. Para impedidos ou diminuídos físicos.
6. Para servicios de urxencia.
7. Para contenedores.
8. Outros casos de interese xeral.

O acordo de creación ou concesión da reserva de estacionamento conterá, en cada caso, as condicións do seu uso.

*ARTIGO 21.*

- 1) Nos casos de reservas para determinados vehículos, expediranse tarxetas que teñan por finalidade a identificación dos vehículos autorizados. Esta tarxeta non ten outra finalidade que a identificación dos automóbeis de cada reserva e non autorizan estacionamentos en lugares distintos dos da reserva para a que son solicitados.
- 2) A súa forma, tamaño, cor, prazo de vixencia e contido será determinada en cada caso pola Alcaldía.
- 3) Estas tarxetas deberán ir colocadas na parte anterior do vehículo e de xeito que sexan plenamente visibles e identificable o seu contido dende o exterior, cando utilicen as zonas autorizadas polas mesmas.

**CAPITULO II.—CARGA E DESCARGA***ARTIGO 22º.*

- 1) A carga e descarga de mercadorías deberá realizarse fóra da vía, no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas.
- 2) Cando as condicións dos locais non permitan a carga e descarga no seu interior, estas operacións faranse nas zonas reservadas para esta finalidade.
- 3) A Alcaldía poderá outorgar nas rúas do Concello, zonas reservadas para que os vehículos destinados ó transporte de mercadorías poidan realiza-la carga e descarga.
- 4) As zonas reservadas sinalizaranse tanto vertical como horizontalmente cos sinais homologados polas normas vixentes en materia de tráfico.
- 5) Só se poderán utiliza-las zonas de carga e descarga o tempo imprescindible para efectuar estas operacións e que nunca superará os 15 minutos.

*ARTIGO 23º.*

- 1) En ningún caso, os vehículos que realicen operacións de carga e descarga poderán pararse total ou parcialmente nas beirarrúas, plataformas, paseos ou onde dificulten o tráfico.

*ARTIGO 24º.*

- 1) As mercadorías e demais materias que sexan obxeto de carga e descarga non se deixarán sobre a calzada ou beirarrúa, senón que se trasladarán directamente do inmovible ó vehículo ou viceversa.





- 2) As operacións de carga e descarga faranse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a vía pública.
- 3) As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios para auxilia-la operación e procurando non dificulta-la circulación de peóns nin de vehículos.

### **CAPITULO III.—CARGA E DESCARGA XERAL**

#### *ARTIGO 25º.*

- 1) As reservas de carga e descarga de carácter xeral estarán sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixará con carácter xeral de 8,00 a 13,00 horas e de 16,00 a 20,00 horas, de luns a venres, e o sábado só en horario de mañán. Nas zonas peonís haberá un único horario, de 8 a 12 horas.
- 2) Atendendo a circunstancias de situación, proximidade doutras zonas reservadas ou frecuencia do uso, poderán establecerse variantes puntuais ó mencionado réxime xeral de horario.

### **CAPITULO IV.—CARGA E DESCARGA PARTICULAR**

#### *ARTIGO 26º.*

- 1) As zonas reservadas de carga e descarga que supoñan un aproveitamento da vía pública con carácter excepcional e temporal, serán autorizadas pola Alcaldía e sometidas á taxa correspondente.
- 2) As persoas ou entidades interesadas na concesión destes aproveitamentos, deberán solicitar previamente a correspondente licenza en instancia acompañada dun deseño detallado da ocupación, así como unha memoria relativa ó horario e forma de uso da mesma.

### **CAPITULO V.—CONTEDORES**

#### *ARTIGO 27.*

- 1) Os contedores de recollida de mobles ou obxectos, ou estes sen contedor, e os de lixo domiciliario, xestionados pola Administración municipal, colocaranse naqueles puntos da vía pública que se determinen pola Alcaldía, evitando calquera prexuízo ó tráfico e a menor perda de estacionamentos posible.
- 2) Os lugares da vía destinados á colocación de contedores de xeito permanente ou temporal terán a condición de reservas de estacionamento, e serán limitadas mediante elementos físicos visibles.
- 3) Os contedores de xestión privada, tales como os de recollida de residuos de obras, someteranse ó réxime establecido no Título III, Capítulo III (obstáculos na vía pública).

## **TITULO V.—MEDIDAS CAUTELARES: INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS**

### **CAPITULO I.—INMOBILIZACIÓN**

#### *ARTIGO 28º.*

Inmovilización do vehículo:

1. A Policía Local poderá proceder á inmovilización dos vehículos cando, como consecuencia do incumprimento das normas contidas na Lei de Tráfico e na presente Ordenanza, da súa utilización puidese derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens, e, en todo caso, nos seguintes supostos:
  - a) Accidente ou avaría que impida continua-la marcha con seguridade.



- b) Perturbación física ou psíquica do conductor que lle impida leva-lo vehículo en condicións normais.
  - c) Non depositar ou garantir, o pago da multa, o infractor non residente habitual no territorio español.
2. Os Axentes da Policía, sen prexuízo da denuncia que deberán formar polas infraccións correspondentes, poderán ordena-la inmovilización inmediata do vehículo nos casos seguintes:
- a) Cando o conductor non leve a correspondente autorización administrativa para conducir ou o que leve, non sexa válido. Nestes casos, se o conductor manifesta ter permiso válido, e acredita suficientemente a súa personalidade e domicilio, non se levará a cabo a inmovilización, a menos que o seu comportamento induza a apreciar, racional e fundadamente, que carece dos coñecementos ou aptitudes necesarias para a conducción.
  - b) Cando o vehículo careza da correspondente autorización administrativa para circular e non a teña solicitada no prazo regulamentariamente establecido.
  - c) Cando o conductor non leve o permiso de circulación do vehículo, ou autorización que o substitúa e existan dúbidas en relación coa súa identidade ou domicilio.
  - d) Cando o vehículo careza das regulamentarias placas de matrícula.
  - e) Cando o conductor se negue a efectua-las probas a que se refire o capítulo IV, Título I do Regulamento Xeral de Circulación.
  - f) Cando polas condicións do vehículo, se considere que constitúe un perigo ou produza danos na calzada.
  - g) Cando o vehículo circule cunha altura ou ancho superior ó permitido na Lei de Seguridade Vial ou, de se-lo caso, na autorización especial de que puidese estar provisto.
  - i) Cando o vehículo circule cunha carga ou lonxitude total que exceda do dez por cen (10%) da que teña autorizada.
  - j) Cando as posibilidades de movemento ou o campo de visión do conductor resulten sensiblemente diminuídos polo número ou posición dos pasaxeiros. Ou pola colación dos obxectos transportados.
  - k) Cando non se levasen a cabo as inspeccións técnicas obrigatorias previstas na Lei de Seguridade Vial e supoña un grave risco para a seguridade do tráfico.
  - l) Cando teñan o coñecemento fundado da comisión dunha infracción penal relativa á carencia do seguro obrigatorio de responsabilidade civil legalmente esixido para a circulación de vehículos polas vías públicas (art. 636 do actual Código Penal).
3. A inmovilización levarase a cabo no lugar que se considere máis axeitado a tenor das circunstancias do conductor, o vehículo e o tráfico, podendo ser na mesma vía pública ou no depósito municipal.
4. A inmovilización non se levantará ata que queden corrixidas as causas que a motivaron ou se se proceda á retirada do vehículos nas condicións que a Autoridade determine e, en calquera caso, previo pagamento dos gastos ocasionados conforme as taxas regulamentadas na correspondente ordenanza.
5. No caso de inmovilización de ciclomotores e para garanti-la medida cautelar, ésta levarase a cabo no depósito municipal en tódolos casos.

#### ARTIGO 29º.

Cando un vehículo estivese estacionado de xeito antirreglamentario, sen perturbar gravemente a circulación, e o seu conductor non se atope presente, ou estando, se negase a retiralo, poderán os Axentes inmovilizalo por un procedemento mecánico que impida a súa circulación.

Unha vez inmovilizado o vehículo, o seu conductor solicitará da Autoridade competente a súa posta en circulación, para o que haberá de satisfacer previamente o importe das taxas regulamentadas na ordenanza correspondente.

**CAPITULO II.—RETIRADA***ARTIGO 30º.*

Retirada dos vehículos; os axentes da Policía Local poderán proceder, se o obrigado a efectuala non o fixese, á retirada da vía e o seu traslado ó depósito municipal de vehículos nos seguintes casos:

- a) Sempre que constituía perigo ou cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns, ó normal funcionamento dalgún servizo público, ou deteriore o patrimonio público e tamén, cando se poida presumir racionalmente o seu abandono.
- b) En caso de accidente que lle impida continua-la marcha.
- c) Cando estivese inmovilizado por deficiencias do mesmo.
- d) Cando inmovilizado un vehículo dacordo co disposto no artigo 67.1, parágrafo terceiro, do Real Decreto Lexislativo 339/90 e artigo 28.1c) desta ordenanza, o infractor persiste na súa negativa a depositar ou garanti-lo pagamento do importe da multa por calquera medio admitido en dereito.
- e) Cando o vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes da vía reservadas exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.
- f) Cando se considere que a inmovilización debe ser realizada no depósito municipal.

*ARTIGO 31º.*

A título enunciativo, estará xustificada a retirada dun vehículo, nos seguintes casos:

- 1) Cando se atope estacionado nun punto onde esté prohibida a parada.
- 2) Cando esté estacionado en dobre fila sen conductor.
- 3) Cando sobresaia do vértice dun chafrán, ou do extremo do ángulo dunha esquina, e obrigue ós outros conductores a facer maniobras con risco.
- 4) Cando esté estacionado nun paso de peóns sinalizado, extremo dos bloques de vivendas destinados a paso de peóns ou non rebaixe da beirarrúa para diminuídos físicos.
- 5) Cando ocupe total ou parcialmente as entradas de vehículos ós inmobles (vados) se estes se atopan debidamente autorizados e sinalizados conforme ó disposto na autorización ou normativa municipal.
- 6) Cando esté estacionado nunha zona reservada para a carga e descarga, sinalizada e delimitada, durante as horas da súa utilización.
- 7) Cando esté estacionado nunha parada de transporte público sinalizada e delimitada.
- 8) Cando se atope estacionado en lugares expresamente reservados, con sinalización e delimitación, a servizos de urxencia, emerxencia ou seguridade.
- 9) Cando se atope estacionado diante das saídas de emerxencia de locais destinados a espectáculos públicos, durante as horas de celebración.
- 10) Cando esté estacionado nunha reserva para diminuídos físicos e non posúa a preceptiva autorización.
- 11) Cando se atope total ou parcialmente sobre a beirarrúa, plataforma, refuxio, paseo, zona peonil ou zona de franxas no pavimento, agás autorización expresa.
- 12) Cando impida ou dificulte a visibilidade dos sinais de tráfico ó resto dos usuarios.
- 13) Cando impida o xiro doutros vehículos ou obrigue a facer maniobras para efectualo.
- 14) Cando obstaculice a visibilidade do tráfico dunha vía pública ós conductores que accedan dende outra.
- 15) Cando impida total ou parcialmente a entrada de persoas ós inmobles.
- 16) Cando se atope estacionado en plena calzada.



- 17) Cando esté estacionado nunha zona de peóns, xardín ou outra zona restrinxida á circulación de vehículos.
- 18) Sempre que, como en tódolos casos anteriores, constitúan perigo ou causen grave molesta á circulación ou ó funcionamento dalgún servicio público.
- 19) Cando esté estacionado no itinerario ou espacio que teña que ser utilizado ou ocupado por unha comitiva, desfile, procesión, cabalgata, proba deportiva ou outra actividade de relevo, sempre que estén debidamente autorizadas e sinalizadas.
- 20) Cando transcorresen 24 horas dende que o vehículo fose denunciado por estacionamento antirreglamentario e non fose cambiado de lugar.
- 21) En tódolos demais casos enumerados no Regulamento Xeral de Circulación e demais normativa de tráfico.

**ARTIGO 32º.**

A Policía Local tamén poderá retirar os vehículos da vía pública, aínda cando non cometan infracción, nos seguintes casos:

1. Cando estén estacionados nun lugar que haxa que ocupar para un acto público debidamente autorizado.
2. Cando resulte necesario para a limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.
3. En caso de emerxencia.

Estas circunstancias deberanse advertir, agás nos casos de emerxencia ou imposibilidade, co máximo de antelación posible e nas mesmas condicións que se recolle no artigo 14.17) desta ordenanza, e os vehículos serán conducidos ó lugar autorizado máis próximo que se poida, e se non houbese ningún, ó depósito municipal, coa indicación ós seus titulares, cando fosen coñecidos, da situación daqueles.

Estes traslados non comportarán ningún tipo de gasto para o titular do vehículo, calquera que sexa o lugar a onde fose conducido o vehículo.

**ARTIGO 33º.**

A retirada do vehículo suspenderase inmediatamente se o conductor comparece antes de que o guindastre comencese a marcha co vehículo enganchado, e adoita as medidas precisas para conquerir o cesamento da situación irregular na que se atopaba o vehículo, facendo efectivo, como requisito previo ó desenganche, o pagamento da taxa correspondente fixada na ordenanza fiscal.

**CAPITULO III. – VEHÍCULOS ABANDONADOS****ARTIGO 34º.**

Poderá considerarse que un vehículo se atopa abandonado, segundo ó establecido no artigo 71 da Lei de Seguridade Vial:

- a) Cando transcorran máis de dous meses (2 meses) dende que o vehículo fose depositado trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente.
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes (1 mes) no mesmo lugar e presente síntomas evidentes do seu abandono; ou presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios; ou lle falten as placas de matriculación. Neste caso terá o tratamento de resíduo sólido urbano, dacordo coa normativa ambiental correspondente.

No suposto contemplado no apartado a), e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación, ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a éste, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que no prazo de quince días (15 días), retire o vehículo do depósito, coa advertencia de que, no caso contrario, procederase ó seu tratamento como resíduo sólido urbano.

*ARTIGO 35º.*

- 1) Os vehículos abandonados na vía pública serán retirados e trasladados ó depósito municipal e os gastos orixinados polo traslado e permanencia serán os fixados pola ordenanza fiscal e a cargo do titular administrativo do vehículo.
- 2) No suposto de vehículos automóbiles con deterioro evidente, aplicarase o prazo reducido de oito días (8 días), previsto no artigo 615 do Código Civil, coas actuacións previas legais, para a súa conversión en chatarra, a través do procedemento acordado pola Administración municipal.
- 3) Como garantía para os titulares destes vehículos, e a efectos de posibles reclamacións, de cada vehículo quedará constancia expresa da súa descripción e estado, con tódolos datos de que se dispoña, ademais da documentación gráfica que sexa posible.
- 4) O Alcalde autorizará, por decreto, a venda daqueles vehículos que reúnan a condición de abandonados, a proposta da Policía Local.

**TITULO VI.—CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE DÚAS RODAS***ARTIGO 36º.*

- 1) Os ciclomotores e ciclos circularán pola beiravía dereita da calzada sempre que sexa transitable.
- 2) Queda prohibida a circulación en paralelo de dous ou máis vehículos de dúas rodas, agás as bicicletas e os ciclomotores de dúas rodas nos supostos e formas que se permita regulamentariamente, atendendo ás circunstancias da vía ou perigo do tráfico.
- 3) Queda prohibida a circulación de bicicletas, patíns e monopatíns polas beirarrúas, andéns, paseos, prazas, zonas peonís, xardíns e outras zonas substraídas ó uso de vehículos.
- 4) A conducción de motocicletas e ciclomotores con aceleracións bruscas considerarase negligente e sancionarase como tal.
- 5) Prohíbese a circulación destes vehículos co chamado escape libre, é dicir, sen o preceptivo dispositivo silenciador das explosións. Do mesmo xeito, queda prohibida a súa circulación cando os gases expulsados polos motores saian a través dun silenciador incompleto, inadecuado, deteriorado ou a través de tubos resoadores.

*ARTIGO 37º.*

Nos supostos do parágrafo quinto do artigo anterior, a Policía Local indicará ó propietario do vehículo, ben directamente ou a través do conductor, a obriga de corrixi-la anomalía e de presenta-lo vehículo no prazo de DEZ días hábiles, no lugar que se lle indique no correspondente boletín de denuncia, para o seu recoñecemento e inspección.

*ARTIGO 38º.*

- 1) Se os vehículos a que se refire o artigo anterior, non fosen presentados a inspección no prazo dado, ou se esta resultase negativa, a Autoridade municipal poderá proceder ó precintado do vehículo, sen prexuízo de que previamente se lle poida conceder un novo prazo.
- 2) A inmovilización, dacordo co artigo 28.5, quedaría sen efecto ou levantaríase, no momento no que se acredite que foron subsanadas as causas que o motivaron.

**TITULO VII.—PROCEDEMENTO SANCIONADOR***ARTIGO 39º.*

1.—As accións e omisións contrarias a esta Ordenanza consideraranse infraccións administrativas e sancionaranse con multa pola Alcaldía, ou concelleiro en quen delegue, nas contías que se determinen



e conforme ó réxime sancionador vixente, establecido no Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolvan, na súa redacción vixente, agás que poidan constituir delitos en faltas tipificadas nas leis penais, suposto no que se dará conta ó orde xurisdiccional competente e se absterá o Concello de requeri-lo procedemento sancionador mentras a autoridade xudicial non dicte sentenza firme.

*ARTIGO 40º.*

As denuncias efectuadas polos axentes da autoridade encargados da vixiancia do tráfico darán fé, salvo proba en contra dos feitos denunciados, sen prexuízo do deber de aportar tódolos elementos probatorios que sexan posibles sobre os feitos denunciados ou as probas que na súa defensa poidan aportar ou designar os denunciados.

En todo momento a tramitación dos procedementos sancionadores axustaranse ao establecido nas leis vixentes sobre tráfico e seguridade vial.

*ARTIGO 41º.*

As infraccións que poideran cometerse contra o disposto na lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade vial e a presente Ordenanza, serán sancionadas con multa e, no seu caso, con suspensión do permiso ou licenza de condución ou calquera outra medida accesoria establecida na lei. A contía da multa será fixada polo Alcalde ou o órgano en quen delegue e axustada ás tipificacións establecidas no texto articulado da Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolvan, na súa redacción vixente.

*ARTIGO 42º.*

Contra as resolucións dictadas en expedientes sancionadores poderase interpoñer, diante do mesmo órgano, o correspondente recurso de reposición, que se tramitará conforme ó disposto na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

As resolucións que poñan fin ó procedemento en vía administrativa, serán recurribles diante da xurisdicción contencioso-administrativa.

*ARTIGO 43.*

Non se poderá proceder á execución das sancións que non teñan adquirida firmeza na vía administrativa. Non obstante, cando o feito denunciado non esté castigado polas leis penais, nin poidan dar orixe á suspensión da autorización administrativa para guiar, poderán facerse efectivas dentro dos dez (10) días seguintes á notificación da denuncia cunha redución do vinte por cento (20%) sobre a contía que provisionalmente se fixe.

*ARTIGO 44º.*

As multas deberán facerse efectivas nos servicios de recadación municipal dentro dos quince (15) días hábiles seguintes á data da súa firmeza. Transcorrido dito prazo procederase a súa exacción polo procedemento de apremio, conforme a súa lexislación específica.

*ARTIGO 45º.*

O procedemento de apremio será executado pola mesma entidade ou servicio que xestione o cobro dos tributos municipais deste Concello.



## DISPOSICIONS ADICIONAIS

*Primeira:* Tódolos preceptos contidos nesta ordenanza entenderanse automaticamente modificados ou adaptados á normativa de rango superior que nesta materia se promulgue ou modifique, con posterioridade á súa entrada en vigor.

*Segunda:* A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no B.O.P. e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2) da Lei de Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.”

Marín, a 19 de decembro de 2012.—A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez.

2012012141

## A N U N C I O

Con data 13/12/2012 a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, no exercicio das atribucións delegadas polo Pleno, adoptou por unanimidade dos presentes o establecemento dos seguintes prezos públicos “REVISIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL”.

## A.—COTA DE ENTRADA: (MATRÍCULA/O MESMO QUE O ABONO)

## B.—ABOADOS

1- Aboados adulto individual (con servizo deportivo) . . . . .	27,88 €
2- Aboado familiar (indep nº fillos) . . . . .	34,85 €
3- Aboado familiar terceira idade e colectivos desfavorecidos . . . . .	25,01 €
4- Aboado individual menores de 25 anos . . . . .	25,01 €

## C.—NON ABOADOS

1- Entrada ADULTO . . . . .	3,47 €
2- Entrada MENORES . . . . .	2,78 €

## D.—CURSOS (TARIFA EN EUROS MENSUAL DO CURSO POR CADA DÍA DA SEMANA)

1- Cursos de NATACIÓN (de 4 anos en adiante) . . . . .	13,94 €
2- Cursos de NATACION PARA BEBÉS (de 0 a 3 anos) . . . . .	13,94 €
3- Cursos de NATACION TERCEIRA IDADE E MINUSVALÍA . . . . .	10,77 €
4- Cursos de XIMNASIO, AEROBIC, XIMNASIA MANTEMENTO. . . . .	13,94 €

Nota.—Nestos cursos o usuario elixe o número de días á semana que quere realizar.

Dentro da oferta terán a opción de 1, 2, 3 días ou cursos intensivos.

Os aboados teñen in desconto do 25% nos cursos anteriormente sinalados.

5- Curso de PREPARACIÓN FÍSICA (Opositores, persoal training..) . . . . .	41,71 €
---	---------

## E.—OUTRAS ACTIVIDADES:

1.—Rehabilitación . . . . .	27,82 €
2.—Revisión médica, . . . . .	13,93 €
3.—Masaxe . . . . .	20,86 €
4.—Masaxe rápido (15 minutos) . . . . .	13,93 €
5.—Solarium sesión . . . . .	6,94 €
6.—Solariun: Bono 10 sesións, 10% desconto . . . . .	62,57 €